

ACTA

Nº 79 Ano 2025.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10:35 horas do día 18 de marzo de 2025, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ana Otero Ferreiro	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suárez Fernández	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Aldara Míguez González	D.X. Función Pública	4.52.37
Carlos Gómez Martínez	S.X. Emprego	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
José Manuel Suárez Lago	CSIF	881-542-850
Mª José Crespo Hermida	CIG	607-995-385
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732

Asisten así mesmo Pablo Díaz Vázquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e José Acuña Vilas, por Vitaly, antes Cualtis. Estando presente Cristóbal Miñor, representante de Ibermútua.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Apróbase a proposta de acta presentada.

2º Presentación e debate da memoria das actividades preventivas de riscos laborais realizadas no 2024 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:

- | | |
|---------------------------------|----------------------------------|
| a) Organización | b) Xestión |
| c) Avaliacións e Medidas | d) Vixilancia da saúde |
| e) Formación | f) Participación sindical |
| g) Sinistralidade | |

O Xefe do Servizo de Prevención presenta a memoria.

No apartado de organización, comentase que o 30/06/25 remata o contrato de servizos para a actividade preventiva de riscos laborais, polo que haberá un concurso público para unha próxima adxudicación.

No relativo a xestión, non puido subirse á aplicación informática, os procedementos de Investigación de Accidentes e Adaptación de Postos, agárdase poder facelo neste ano.

En canto as avaliación de riscos e medidas de emerxencia, fixéronse mais que no ano 2023.

Respecto a vixilancia da saúde, houbo un número similar a outros anos de recoñecementos médicos ordinarios. E destacable a importante suba de recoñecementos médicos específicos debidos a solicitude de prórroga no servizo activo.

No apartado de formación houbo unha baixada no número de persoas participantes, con respecto o ano pasado.

No relativo a participación fixéronse un número de reunións dos diferentes Comités de Seguridade e Saúde, similar ó pasado ano. Facendo constar que os Comités das Consellerías de Cultura e de Sanidade non reuníronse no 2024.

Por último sinalar que a sinistralidade laboral no 2024 tivo unha redución dun 24%, houbo 312 accidentes mentres que no 2023 houbo 412. Isto é unha moi boa noticia para todas as persoas que integramos a participación en materia de prevención de riscos laborais, e que vemos que a actividade preventiva realizada, xunto cunha maior atención e coidado do persoal, da os seus froitos. Esta redución da sinistralidade laboral fai que os índices de incidencia e frecuencia descendan, e xunto con eles os accidentes motivados por agresións, infartos ou accidentes de tráfico. Coma nota negativa o número cada vez maior de accidentes por escordaduras e torceduras e o aumento dos sinistros no persoal de limpeza.

3.- Rogos e preguntas.

CIG e CSIF requiren da Administración que se fagan avaliacións de riscos psicosociais con carácter xeral en todos os centros de traballo. A Administración resposta que faranse nos centros que se decidan en cada comité de seguridade e saúde laboral ou a requirimento da Inspección de Traballo.

UGT require novamente que nas avaliacións deste ano inclúase a da Nave de Botos en Lalín, pertencente a Consellería de Medio Rural. A Administración incorpora esta avaliación, as planificadas para realizar este ano.

Levántase a sesión, sendo as 12:00 h.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA
ANA OTERO FERREIRO

O SECRETARIO
EDUARDO FREIRE POUSA